



Teaching Guide

Identifying Data					2019/20
Subject (*)	Learning and education of the modules of formation(training) and labour orientation		Code	652606621	
Study programme	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	Yearly	First	Obligatory	12	
Language	Galician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinador	Arza Arza, Neves	E-mail	neves.arza@udc.es		
Lecturers	Arza Arza, Neves Varela Urrutia, Roberto	E-mail	neves.arza@udc.es roberto.urrutia@udc.es		
Web					
General description	A materia céntrase na construción das competencias relativas á planificación do segundo e terceiro nivel de concreción curricular e integra as aprendizaxes promovidas desde outras materias do módulo xenérico e do módulo específico (Mercado laboral e formación profesional, Inserción e orientación laboral e Proxectos de innovación e investigación nos módulos da especialidade).				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A8	8. (CE-G8)Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá
A10	10. (CE-G10)Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A13	13. (CE-G13)Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
A14	CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A15	CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A16	(CE-E2)Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinos.
A17	(CE-E3)Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A18	(CE-E4)Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
A19	(CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A20	(CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A21	(CE-E7)Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A22	(CE-E8)Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A23	(CE-E9)Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A24	(CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A25	(CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A27	(CE-E13)Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A30	CE-P1) Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización..
A32	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia
A34	(CE-P5) Coñecer a tipoloxía empresarial correspondente aos sectores produtivos e comprender os sistemas organizativos máis comúns nas empresas (FP)
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Identificar as funcións do profesorado de FOL e calcular as súas retribucións.	AJ15 AJ18		
Describir o sistema de acceso a función docente no ensino público e privado e os requirimentos esixidos	AJ16		
Integrar o enfoque de xénero nas programacións e nas unidades didácticas e valorar a súa importancia para acadar a equidade de xénero.	AJ8 AJ10 AJ15 AJ16 AJ20 AJ21 AJ25		CC3 CC4
Analizar o organigrama dos centros onde se imparte a FP e as funcións do departamento de FOL			
Analizar o currículo dos módulos da especialidade de FOL e valorar as ausencias e potencialidades para formar persoas cun pensamento crítico activista sobre as desigualdades de xénero e a precarización laboral.	AJ15 AJ16 AJ17 AJ18 AJ23		CC4 CC5 CC7
Deseñar unha programación dun dos módulos da especialidade e unha unidade didáctica da programación, contextualizadas a nivel de centro e de alumnado.	AJ13 AJ14 AJ15 AJ16 AJ17 AJ18 AJ19 AJ20 AJ21 AJ22 AJ23 AJ24 AJ25 AJ27 AJ30 AJ34		CC1 CC3 CC6 CC7
Utilizar as TIC para a aprendizaxe profesional e para a promoción da competencia dixital do alumnado	AJ23		CC3 CC6 CC7



Valorar as posibilidades dos módulos da especialidade para a construción dun pensamento crítico e activista e reflectir eta perspectiva na súa planificación.	AJ14 AJ15 AJ16 AJ20 AJ32		CC4 CC7
Analizar e valorar a normativa aplicable á actividade docente na FP e trasladala á planificación dos módulos da especialidade.	AJ13 AJ14		CC4

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1.-Contexto organizativo e funcional dos centros de Formación Profesional.	1.1. Normativa que regula a organización e o seu funcionamento 1.2. Tipoloxía de centros de formación profesional, espazos e equipamentos. 1.3. A organización docente nos centros de FP. Órganos de Goberno e Coordinación Didáctica. Proxecto Educativo e Proxecto Funcional 1.4. El Departamento de Formación y Orientación Laboral. Composición y funciones. El trabajo en equipo. La colaboración con el Departamento de Orientación y en el desarrollo del PAT.
Tema 2.- O corpo de Profesorado do Ensino Secundario: a especialidade de Formación e orientación laboral (FOL)	2.1. Corpos de profesorado e categorías profesionais 2.2..Sistema de acceso ó ensino público e o ensino privado 2.2. Retribucións 2.3.Autoemprego.
Tema 3. Módulos da especialidade e normativa aplicable	3.1. Módulos da especialidade nos ciclos LOXSE 3.2. Módulos da especialidade nos ciclos LOE 3.3. Formación en centros de traballo 3.4. Normativa aplicable e implicacións para a planificación curricular
Tema 3. Planificación nos distintos niveis de concreción curricular: do currículo oficial á programación de aula.	3.1. A programación dos módulos 3.2. A programación de aula
Tema 4. Metodoloxía e avaliación	4.1. Técnicas e estratexias metodolóxicas: tipoloxía e características 4.2. Avaliación: tipos, técnicas e instrumentos. 4.3. A participación do alumnado na avaliación: finalidades e instrumentos. 4.3. Avaliación e xestión da calidade nos centros de FP
Tema 5. Educación mediática e TIC	5.1. Educación mediática: concepto, finalidade e integración na programación dos módulos da especialidade 5.2. Competencia dixital docente. A competencia dixital como obxectivo e contido das materias e módulos da especialidade. 5.3. Recursos e ferramentas dixitais para o ensino e aprendizaxe dos módulos da especialidade..
Tema 6. A atención á diversidade	6.1. Atención á diversidade: conceptualización e medidas que prescribe a normativa. 6.2. Estratexias e recursos para a atención á diversidade
Tema 7. A integración da perspectiva de xénero	7.1. Finalidades e modalidades de integración 7.3. Experiencias e recursos 7.4. Normativa, plans e actuacións específicas.



Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	A6 A15 A16	3	0	3
Guest lecture / keynote speech	A19 A24 A25 A27 A30 A34	16	0	16
Document analysis	A15 A16 A17 A19 A24 C3 C4	12	55	67
Oral presentation	C1 C3	3	3	6
Collaborative learning	A13 A14 A15 A19 A20 A21 A23 A24	28	55	83
ICT practicals	C3	3	5	8
Supervised projects	A32 A27 A25 A24 A23 A22 A21 A20 A19 A18 A17 A16 A15 A14 A13 A10 A8 C1 C3 C4 C5 C6 C7	17	69	86
Problem solving	A16	2	2	4
Student portfolio	A19 A23 A24 A27 C1 C4 C6 C7	0	15	15
Personalized attention		12	0	12

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	As actividades iniciais teñen unha dupla finalidade: a) que o alumnado tome conciencia dos seus coñecementos previos, de xeito que se convertan nun referente para a análise e reflexión do que precisan aprender e das aprendizaxes construídas na materia. b) A posta en común e resolución de dúbidas das cuestións formuladas sobre as temáticas previamente traballadas fora da aula e que forman parte da clase invertida.
Guest lecture / keynote speech	A sesión maxistral utilízase para presentar unha boa parte dos temas que se abordan na materia. A sesión maxistral combínase coa clase invertida, deste xeito límitase o papel de transmisor de contidos do profesorado.
Document analysis	A análise das fontes documentais está vinculada o traballo tutelado. A súa finalidade é o deseño da programación e dunha unidade didáctica, principalmente a elaboración do apartado de fundamentación teórica e legal.
Oral presentation	Consiste na difusión entre as persoas da clase do produto elaborado no traballo tutelado. Dispoñen de 20 minutos e na presentación teñen que participar todas as persoas do grupo de traballo.
Collaborative learning	A aprendizaxe colaborativa está implícita no resto das metodoloxías que son realizadas en grupo.
ICT practicals	As practicas a través de TIC céntranse na busca e selección de información, na creación dun marcador social, na delimitación da súa contorna persoal de aprendizaxe e na construción de diferentes artefactos dixitais en distintos formatos que van ser incluídas no traballo tutelado ou/e no portafolio individual. O marcador social e contorna persoal de aprendizaxe son compartidas co resto das materias do itinerario. Coas Prácticas a través das TIC preténdese que o alumnado adquira competencias dixitais docentes de diferentes áreas: a) Información e alfabetización dixital (navegación, busca e filtraxe; avaliación da información, e almacenaxe e recuperación de información e contidos dixitais). b) Comunicación e colaboración (compartir información e contidos, colaboración mediante vías dixitais, netiqueta e identidade dixital) c) Creación de contidos dixitais (desenvolvemento de contidos dixitais (desenvolvemento e integración e reelaboración de contidos dixitais) d) Resolución de problemas (identificación de necesidades e respostas , innovación e uso da tecnoloxía dixital de xeito creativo e identificación de lagoas na competencia dixital).



Supervised projects	O traballo tutelado presenta as características e elementos da aprendizaxe baseada en proxectos. O reto é o deseño dunha programación e dunha unidade didáctica. A análise documental, a aprendizaxe colaborativa, unha parte das prácticas a través das TIC e a presentación oral están integradas no traballo tutelado.
Problem solving	Relacionados co elaboración de nóminas e con outras temáticas dos módulos da especialidade. Constitúe unha fórmula para aprofundar nalgúns dos contidos dos módulos da especialidade.
Student portfolio	Consiste na elaboración dun informe de aprendizaxe no que o alumnado ten que dar conta das aprendizaxes e competencias adquiridas, da súa transferibilidade ó Practicum e ó TFM e das propias necesidades de formación.

Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects	<p>A atención personalizada ten como finalidades a supervisión e orientación do traballo tutelado e lévase a cabo no horario de titorías e nas aulas reservadas para a súa realización.</p> <p>O alumnado con matrícula a tempo parcial e dispensa académica terá unha atención personalizada vencellada á modalidade de avaliación específica que se describe no apartado de avaliación.</p>

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Student portfolio	A19 A23 A24 A27 C1 C4 C6 C7	Os criterios de avaliación son : - A amplitude das aprendizaxes - Concreción e reflexión sobre as necesidades de formación - A transferibilidade ó Practicum (observación e deseño da praxe docente) - Aportacións para a realización do TFM	25
Supervised projects	A32 A27 A25 A24 A23 A22 A21 A20 A19 A18 A17 A16 A15 A14 A13 A10 A8 C1 C3 C4 C5 C6 C7	Consiste no deseño dunha programación e dunha unidade didáctica. Para a súa avaliación proporcionanse dúas rúbricas, nas que se detallan as dimensións a avaliar, os niveis de logro e os criterios de cualificación. As rúbricas entreganse coa proposta de traballo tutelado. Tamén se avalia a participación e contribución de cada unha das persoas do grupo. A través dun proceso de coavaliación, e de xeito consensuado, asígnase a cada membro do grupo unha porcentaxe (de 0 a 100). A cualificación obtida por cada unha das persoas do grupo é o resultado de aplicar esta porcentaxe sobre a cualificación obtida na programación e na unidade didáctica.	50
Problem solving	A16	Relacionados co elaboración de nóminas e con outras temáticas dos módulos da especialidade. Constitúe unha fórmula para aprofundar nalgúns dos contidos máis prácticos dos módulos da especialidade.	5
Oral presentation	C1 C3	A presentación vai ser avaliada polo resto dos compañeiros e compañeiras a partir dunha rúbrica.	10
ICT practicals	C3	Consiste na construción dun marcador social e da propia contorna de aprendizaxe. Os criterios de avaliación para o marcador son o número de recursos almacenados, o seu nivel de descrición e valoración e o sistema de categorías e subcategorías utilizadas para a súa almacenaxe. Para a contorna persoal de aprendizaxe terase en conta o número de ámbitos, recursos e ferramentas incorporados e a análise e valoración realizada polo alumnado sobre a súa contorna persoal de aprendizaxe. O resto de prácticas TIC forman parte e serán cualificadas como parte do traballo tutelado.	10



Assessment comments

PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NA AVALIACIÓN

Unha das premisas é que o alumnado participe na avaliación, consensuando os criterios de cualificación e sendo axente de avaliación a través de procedementos de auto e coavaliación. Por esta razón, os criterios de cualificación poden ser modificados.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN GALEGO A competencia lingüística en galego tamén vai ser obxecto de avaliación na presentación oral e nas actividades escritas grupais e individuais. O seu peso na cualificación final pode chegar até 0,5 puntos. **ASISTENCIA** A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular que ocasionalmente non acuda a unha sesión deberá de realizar e entregar as actividades realizadas na aula (só aplicable ó alumnado cun 15% de ausencias) . As persoas con matrícula a tempo parcial e dispensa académica poden ter unha ausencia superior ó 15%. Neste caso teñen dereito a unha modalidade de avaliación específica que contempla a supervisión e titorización individualizada. En todo caso, teñen que realizar as mesmas tarefas que o resto do alumnado. O alumnado sen matrícula a tempo parcial e dispensa académica que non cumpra co requisito de asistencia ó 85% das horas da materia terá que realizar un exame teórico-práctico. **REQUIRIMENTOS PARA APROBAR A MATERIA** A cualificación final será o resultado das puntuación obtidas nas distintas actividades que computan na cualificación. Para superar a materia é indispensable obter a metade da cualificación no traballo tutelado e no portafolio. Na avaliación da segunda oportunidade deberán de recuperarse as actividades non superadas.

É obrigatorio o uso dunha linguaxe inclusiva. **FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA** Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse no texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 6º edición. Plaxio O plaxio será motivo de suspenso. Así o establece o artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC: " na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixianl, incljido aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC- https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf- <http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

Sources of information



Basic	<ul style="list-style-type: none"> - Area, Manuel (2009). Los medios de enseñanza o materiales didácticos. Conceptualización y tipos. . http://www.bibliotecalibre.org/bitstream/001/415/5/Introduccion%20a%20la%20tecnologia%20de%20la%20educacion%20superior.pdf - Elisabeth F. Barkley, D. P. Cross (2013). Técnicas de aprendizaje colaborativo. Madrid: Editorial Morata - EEmakunde (2015). Guía para la incorporación de la perspectiva de género en el curriculum y en la actividad docente de las enseñanzas de régimen especial y de Formación Profesional. Vitoria: Servicio de Publicaciones del País Vasco - Espín, J e outras. (1996). Análisis de recursos educativos desde la perspectiva no sexista . Barcelona: Laertes - Homodi Galán (2016). Formar mediante la evaluación en la Universidad. Propuestas prácticas útiles para docentes. Valladolid. Universidad de Valladolid - Johnson, D W. e Johnson, R. (2014). La evaluación en el aprendizaje cooperativo: cómo mejorar la evaluación individual a través del grupo. Madrid: Editorial SM - Martín García, Xus (2016). Proyectos con alma. Trabajo por proyectos con servicio a la comunidad. Barcelona: Editorial Grao - Moust, D.; Bouhu, A.J. e Schmidt, G (2007). El aprendizaje basado en problemas. Guía del estudiante. Cuenca: Universidad de Castilla La Mancha - Pazos Morán María (2015). Desiguales por ley. Las políticas públicas contra la igualdad de género. Madrid: Editorial Catarata - Prieto, A, Díaz, D. e Santiago, (2014). Metodologías inductivas. El desafío de enseñar mediante el cuestionamiento y los retos. . Barcelona: Océano - Raúl Santiago, Luis Alberto Andía e Alicia Díez (2017). Flipped Classroom: 33 experiencias que ponen patas arriba el aprendizaje.. Barcelona: Editorial UOC - Rodríguez, G. y Ibarra, M.S. (2011). e-Evaluación orientada al e-aprendizaje estratégico en educación superior. Madrid: Editorial Narcea - Sanmartín, N. ((2010)). 10 ideas clave: evaluar para aprender . Barcelona: Editorial Grao - Teixes Ferrán (2015). Gamificación. Motivar jugando . Barcelona: Editorial Universitat Oberta de Catalunya - Trujillo, F (coord) (2014). Artefactos digitales. Una escuela digital para la educación de hoy. Barcelona: Editorial Grao - Trujillo, F (Coord). (2015). Aprendizaje basado en proyectos. Infantil, Primaria y Secundaria. Madrid: Ministerio de Educación Cultura y Deportes - Universitat Oberta de Catalunya (2013). Educación Mediática y TIC . Barcelona - Vergara Ramírez, J. J. (2016). Aprendo porque quiero. El aprendizaje basado en proyectos paso a paso. Madrid: SM
Complementary	Para cada tema facilitase unha listaxe de bibliografía obrigatoria e a complementaria

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Vocational training and labour market/652606611

Insertion and labour orientation/652606612

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Insertion and labour orientation/652606612

Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral/652606E31

Other comments



ACTUALIZACIÓN DO PERFIL PERSOAL Como máis tardar, na terceira sesión de clase, todo o alumnado ha de pendurar unha foto actual no seu perfil de moodel. COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL Débese facer un uso sustentábel dos recursos co obxecto de evitar impactos negativos sobre o medio natural.Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.En coherencia cos principios enunciados, os traballos impresos que se teñan que entregar non utilizarán plásticos, estarán impresos a dobre cara e empregarán papel reciclado CARGA DE TRABALLO A realización das tarefas indicadas na guía docente supoñen unha dedicación de 112 horas de traballo fora da aula. Polo tanto, cómpre unha boa planificación e xestión do tempo.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.